

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NO XEODESTINO AS MARIÑAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino As Mariñas que inclúa a realización das actuacións das seguintes liñas de acción:

ACCIÓN
A. Planificación, creación e consolidación de produto
A.1 Posta en marcha da Plataforma Interna de Comunicación entre axentes turísticos da Reserva de Biosfera
B. Comercialización, promoción e difusión de produto
B.1 Comunicación das iniciativas de desenvolvemento de produto e difusión do territorio como Primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia
B.2 Desenvolvemento de produto. Creación das escapadas de Ecoturismo da Reserva de Biosfera para o Catálogo de Escapadas do Club de Ecoturismo de España no ano 2023 e desenvolvemento de 3 viaxes promocionais dirixidos a comercializadores turísticos
B.3 Consolidación das experiencias de Ecoturismo na Reserva de Biosfera e realización de materiais promocionais para o desenvolvemento de produto
C. Formación
C.1 Formación en Calidade-SICTED-e Sustentabilidade Turística (Marca Reserva de Biosfera





Mariñas Coruñesas e Club de Ecoturismo de España) dirixida ao empresariado turístico local
C.2 Astroturismo: Formación monitores Starlight dirixida a axentes turísticos e empresas de actividades turísticas do territorio
C.3 Plan Formativo Enogastronómico para a mellora da sustentabilidade e calidade turística nos Restaurantes e Aloxamentos da Biosfera
E. Sinalización e accesibilidade aos recursos turísticos
E.1 Estudo do estado dos paneis interpretativos e infraestrutura turística do territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, referente ao seu estado de conservación, necesidades de mantemento e melloras
E.2 Proxecto piloto de mellora e actualización da sinalización turística da Reserva de Biosfera
F. Novas tecnoloxías aplicadas ao turismo
F.1 Promoción das novas experiencias de ecoturismo e do Destino a través de audiovisuais para a promoción dixital e inclusión nos materiais promocionais das experiencias turísticas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos é a entidade xestora do Xeodestino As Mariñas, asociación sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública desde o ano 2017 pola Xunta de Galicia, que se constituíu no ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural, coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio. Dende o ano 2013 a Asociación Mariñas-Betanzos é a entidade xestora da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” recoñecida pola UNESCO, ademais de ser o primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia, a través do Club de Ecoturismo en España.

Que o xeodestino As Mariñas está composto polos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado dos Monxes.

Todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias accións enmarcadas neste convenio.

En definitiva, o territorio agrupa aos seguintes (17) dezasete concellos do Xeodestino “As Mariñas”, que coinciden exactamente cos límites da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, cuxo ente xestor é a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, os cales traballan na mesma dirección, cunha entidade xestora do Destino, cunha zonificación e modelo de gobernanza para este territorio, así como tamén contan cun plan de xestión aprobado para o territorio que debe cumprir cunha serie de indicadores, os cales revisa periodicamente a UNESCO.

No artigo 5 dos estatutos da Asociación Mariñas-Betanzos establécese que a asociación ten como finalidade a promoción e desenvolvemento da actividade turística no conxunto do territorio representado.

Entre os fins principais da asociación, mencionados no artigo 5 dos estatutos destacan:

- Promover o desenvolvemento, a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona.





- Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona.
- Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sustentabilidade
- Potenciar, revalorizar, e preservar os recursos naturais e culturais da zona

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino As Mariñas, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Director 2021-2023, de acordo coa liña estratéxica 7. Gobernanza e política turística, concretamente no plan de acción 7.4 Papel dos Xeodestinos, apóstase pola posta en valor dos xeodestinos como polos de desenvolvemento turístico no eido local e como axentes coordinadores e executores dunha xestión holística de destino para todo o territorio que abranguen. Apostarase pola implantación de sistemas de calidade, pola formación e o traballo en rede, coa finalidade última de impulsar a creación de produto turístico con base nos principais recursos turísticos locais.



A través deste convenio, outórgase á Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

